

imos ver uns exemplos!



Coidemos o noso parque

Ana, Tito e os seus compañeiros de parvulario están colaborando en manter bonito o parque que está preto da escola. Na clase estudan os animais, as plantas, o valor que teñen, o coidado que precisan, e logo comprométese facendo de xardineiros e de xornalistas: contribúen a plantar, sinalizan as especies e difunden o valor do parque entre a veciñanza.



Concerto na residencia

Araceli, Darío e os seus compañeiros de 5º de primaria adican todo o trimestre da clase de música a montar un concerto na residencia de anciáns próxima a escola. Na clase preparan as cancións, ensaian e aprenden a organizar un espectáculo. E tamén aprenden a respectar as persoas maiores e a relacionarse con elas.



Cibermánagers

Gabriel, Juana e os seus compañeiros de 4º de ESO convértese en expertos en previr os riscos do mal uso de internet. Na clase de tecnoloxía aprenden como actuar correctamente, evitan os abusos e protexendo a propia intimidade nas redes sociais para logo compartir o aprendido con nenos e nenas de 5º de primaria.

anímaste?

No noso país hai moitos grupos de persoas e institucións que impulsan a aprendizaxe-servizo no seu territorio.

Se che ilusiona, podes contactar co grupo máis próximo e organizar algunha actividade informativa ou formativa para os pais e nais, o profesorado, as entidades sociais, etcétera. Aquí tes os teus contactos:

País Vasco

Fundación Zerbikas
www.zerbikas.es, info@zerbikas.es

Cataluña

Centre Promotor Aprenentatge Servei
www.aprenentatgeservei.cat
centre@aprenentatgeservei.cat

Madrid

Grupo Promotor del Aprendizaje-Servicio
http://aprendizajeserviciom.wix.com/
apss-madrid
aprendizajeservicio.solidario@gmail.com

Comunidad Valenciana

Grup ApS Comunitat Valenciana
apscomunitatvalenciana.wordpress.com
esther.escoda@uv.es

La Rioja

Grupo ApS de La Rioja
esther.raya@unirioja.es

Galicia

Asociación Galega de Aprendizaxe-Servizo
susana.perez@apesasociacion.org

Almería

Grupo ApS Almería
iprados@ual.es

Navarra

Colectivo Impulsor de AySS
nieves.ledesma@unavarra.es

Castela A Mancha

Grupo ApS de Castilla La Mancha
sonia.morales@uclm.es

Castela e León

Grupo ApS de Castilla y León
sulum@psi.uva.es

Aragón

Grupo ApS de Aragón
parranz@unizar.es

Extremadura

Grupo ApS de Extremadura
marisa.lozano@grupored.net

Asturias

Grupo ApS Asturias
direccion@mardeniebla.org

Canarias

Red Canaria de ApS
apscanarias@gmail.com

Cantabria

Asociación ApS Cantabria
http://www.scoop.it/t/aps-cantabria/
cantabria.aps@gmail.com



Pioneiros no mundo da
asistencia personalizada e
comprometidos no día a día
dos emprendedores sociais.

aprendemos sendo útiles



qué é a aprendizaxe-servizo?

É unha maneira
de aprender
facendo algo útil
para os demais.



Fronte a unha
necesidade social que descubren
no seu entorno,
os mozos e mozas
emprenden unha
acción de servizo
social a comunidade
e iso axúdalles a
aprender e
aplicar
coñecementos,
habilidades
e actitudes.

A **aprendizaxe-servizo**
(ApS) une éxito educativo
e compromiso social:
Practicándoo, os nosos fillos
e fillas serán máis
competentes, ao tempo
que mellores cidadáns.

para qué serve?

aos nosos fillos

Favorece a súa aprendizaxe e mellora o seu rendemento académico xa que os rapaces e rapazas motívanse máis cando atopan unha utilidade social ao que estudan.


Axúdalles a responsabilizarse como cidadáns activos!



ao centro educativo

É unha magnífica forma de concretar a educación en valores e para a cidadanía, levando a cabo accións colectivas que promoven a reflexión, transforman a realidade e melloran a relación entre a escola e a comunidade.

A escola crece tamén coa aprendizaxe-servizo!



á familia

É unha forma de vivir as aprendizaxes e accións educativas máis motivadoras e que máis implicación piden aos nosos fillos.

Tamén pode ser unha forma solidaria de pasar xuntos o tempo de lecer, transmitindo os valores familiares a través de accións solidarias.



á comunidade

Mellora as condicións de vida das persoas e intensifica o sentimento de pertenza dos seus membros.

Crece a confianza da poboación e refórzase o voluntariado e a sociedade civil.



e eu qué podo facer?

1

valorar e difundir

Se a escola xa desenvolve estes proxectos, podemos interesarnos polo seu traballo, apoiando e celebrando os resultados.

Senón, podemos animar ao profesorado a iniciar algunha experiencia breve, doada de levar a cabo e motivadora para todos.

2

implicarme

Colaborar activamente sendo co-protagonistas nos proxectos. Poñer a disposición un pouco do noso tempo, coñecementos, contactos ou recursos para levar a cabo o proxecto.

3

inspirarme

Os pais e nais tamén podemos inspirarnos na ApS cando estamos cos nosos fillos. Compartindo con eles actividades solidarias ou de voluntariado, tamén podemos estimular as súas habilidades sociais, os seus coñecementos e a súa responsabilidade.

4

aprender

Os pais e nais tamén aprendemos a través dos proxectos de ApS dos nosos fillos. Cantas cousas podemos descubrir, axudando aos nosos fillos! Cantos temas, ambientes e persoas podemos chegar a coñecer grazas a eles!